



Amigos para o seu propio beneficio

Gonzalo Mucientes

Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), Vigo. Asociación Ecoloxía Azul / Blue Ecology (BEC), Vigo.

José Irisarri

Asociación Ecoloxía Azul / Blue Ecology (BEC), Vigo.

David Villegas

Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), Vigo. Asociación Ecoloxía Azul / Blue Ecology (BEC), Vigo.

O congro europeo (*Conger conger*) é unha especie de peixe anguiliforme da familia Congridae, dos máis grandes presentes no Atlántico nororiental e o Mediterráneo. Considérase que son semélparos (isto é, reproducense unha vez no seu ciclo vital), con adultos que migran ás profundidades do océano Atlántico para desovar e reproducirse ([Battaglia et al., 2019](#)). Como xuvenís ou subadultos, os congros habitan zonas costeiras onde actúan como depredadores apicales, alimentándose de peixes, cefalópodos e crustáceos ([Xavier et al, 2009](#)). Dado o seu estilo de vida nocturno, os xuvenís normalmente permanecen dentro das gretas das rocas durante o día e aventúranse a zonas abertas despois do anoitecer.



Durante unha inmersión de exploración nas Illas Cíes (no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia), observamos a este exemplar de congro ([vídeo](#)) aloxado nunha greta acompañado de ata sete diferentes especies de crustáceos. Entre elas identificamos as seguintes: centola, *Maja brachydactyla*; bogavante, *Homarus gammarus*; boi, *Cancer pagurus*; galatea, *Galathea strigosa*; camarón *Palaemon sp*; araña de mar, *Inachus sp*; e nécora, *Necora puber*, onde algunhas delas contaban con varios individuos. A nosa observación representa un caso único de asociación interespecífica.



Os crustáceos poderían obter seguridade fronte a depredadores mentres se atopan preto do congro; por exemplo, ante grandes decápodos como *M. brachydactyla*, *N. puber*, ou *C. pagurus* que son presas importantes do polbo común (*Octopus vulgaris*) ao que mantén afastado o congro coa súa presenza. Con todo, Cales son os beneficios para o congro albergando tal diversidade de especies asociadas ao seu refuxio, que de feito poderían ser compoñentes da súa propia dieta? Cales son as consecuencias ecolóxicas de tan alta diversidade e densidade de especies ao redor dun só exemplar?

As asociacións a escalas espaciais tan pequenas adoitan pasarse por alto, pero poden ter importantes implicacións ecolóxicas a nivel individual.

Fonte: [Mucientes G, Irisarri J, Villegas-Ríos D. 2022. Friends for their own benefit. *Frontiers in Ecology and the Environment* 20 \(1\), 39-39](#)